

UD 9. A HÉLADE

1. Cales son as características das civilizacións cretense e micénica?
2. Que é a Hélade? Por que falamos de civilización grega?
3. Define *metrópole* e *colonia*. Cales foron as causas da colonización grega? Cando se produce? A que zonas se estende?
4. Que é unha polis? Explica as características e pon exemplo de polis gregas.
5. Ordena cronolóxicamente (coloca os números, de máis antigo a máis moderno): 1. Alexandre o Magno / 2. Pericles / 3. Colonización grega / 4. Guerras do Peloponeso / 5. Guerras Médicas / 6. Civilización minoica.
6. Explica a diferenza entre unha democracia e unha oligarquía utilizando os exemplos de Atenas e Esparta.
7. Por que se pode definir a democracia grega como unha “democracia limitada”?
8. Explica os grupos que compoñen a sociedade grega, distinguindo entre as particularidades de Atenas e Esparta.
9. Cal foi o resultado das Guerras Médicas? E das Guerras do Peloponeso?
10. Que é o Helenismo? Onde se desenvolve? Que o caracteriza?
11. Por que foi tan importante o imperio de Alexandre Magno?
12. Resume os principais aspectos da relixión grega.
13. Resume os aportes gregos nas diferentes áreas do saber.
14. Observa a imaxe e completa a ficha de cada unha:

1		IDENTIFICACIÓN: ÉPOCA: QUE REPRESENTA/SIGNIFICA/PARA QUE SERVE?:
---	---	--

2		IDENTIFICACIÓN: ÉPOCA: QUE REPRESENTA/SIGNIFICA/PARA QUE SERVE?:
3		IDENTIFICACIÓN: ÉPOCA: QUE REPRESENTA/SIGNIFICA/PARA QUE SERVE?:
4		IDENTIFICACIÓN: ÉPOCA: QUE REPRESENTA/SIGNIFICA/PARA QUE SERVE?: